

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO 29/02/2016.-

O día 29 de febreiro de 2016 reuníronse, na primeira convocatoria, os concelleiros integrantes do Pleno Municipal, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, na que se trataron os seguintes temas, segundo a orde do día:

1.- APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Aprobouse o acta da sesión anterior, por unanimidade.

2.- INFORME DE DECRETOS, BANDOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta dos Decretos, Bandos e Resolucións da Alcaldía ditados dende a última sesión ordinaria. Dase copia dos decretos de pagos.

3.-DACCIÓN EN CONTA DA REMISIÓN DOS INFORMES DE MOROSIDADE DO EXERCICIO 2015, DO PERÍODO MEDIO DE PAGO DO CUARTO TRIMESTRE DE 2015 E DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CUARTO TRIMESTRE DE 2015.

Os concelleiros quedan enterados da remisión telemática dos ditos informes por Secretaría-Intervención, dentro do prazo habilitado ao efecto.

4.- INFORME DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PRÓRROGA DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2015.

Quedan enterados os concelleiros da prórroga dos orzamentos do exercicio anterior, nos termos que sinala o informe de secretaria- intervención, en tanto non se aprobe o novo orzamento.

5.-INFORME DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á TESOURERÍA MUNICIPAL.

Infórmase aos membros do Pleno da Resolución da alcaldía do 8 de febreiro de 2016, pola cal se acorda a substitución da tesourería do concello de Aranga nomeando en substitución de Eva Sánchez Brañas, á secretaria- interventora do concello.

6.- RATIFICACIÓN DOS CONVENIOS SUBSCRITOS PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCÍONS.

O Pleno Municipal ratifica unanimemente os seguintes:

-Convenio suscrito entre os concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior para a solicitude e xestión conxunta dun proxecto denominado “Creación e posta en marcha dunha brigada medioambiental 2016” cun orzamento de 42.200,00 €.

-Convenio suscrito entre os concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior para a solicitude e xestión compartida dun proxecto mixto de formación e emprego, denominado “Empregando a xuventude” cun orzamento total de 183.648,59 €.

-Convenio suscrito entre os concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior para a solicitude e xestión compartida dun obradoiro de emprego denominado “Axardinamento de parques municipais e espazos públicos” cun orzamento total de 192.883,46 €.

7.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE ERROS DETECTADOS NOS PROXECTOS DO PAS 2015.

Ratifícase por unanimidade a Resolución da Alcaldía modificando os proxectos técnicos relativos aos acondicionamentos dos locais sociais incluídos no Plan de Acción Social 2015, suprimindo as referencias comerciais contidas nos mesmos.

8.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2016.

Ratifícase , coa abstención do grupo socialista, a Resolución da Alcaldía pola que se acorda solicitar, dentro do Fondo de Compensación Ambiental 2016 de concorrencia non competitiva, unha subvención para a adquisición dunha desbrozadora de brazo e dun vehículo para a súa utilización por traballadores do sector medioambiental.

9.- ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVAS.

Adoptouse o seguinte acordo, por unanimidade:

“Primeiro: Que quede afecto ao réxime de dedicación exclusiva o cargo de Alcalde -Presidente .

Segundo: Que o cargo de Primeiro/a Tenente de Alcalde quede afecto ao réxime de dedicación parcial, establecendo unha dedicación ao cargo do 85% da xornada , reducindo as súas retribucións na mesma porcentaxe, polo que percibirá unhas retribucións brutas mensuais (co incremento do 1%) de 1645,37 € , aboando 14 pagas ao ano, causando alta no Réxime Xeral da Seguridade Social cun código de cotización distinto (cargo con dedicación parcial) asumindo o Concello as cotas empresariais que lle correspondan.

Terceiro: Proceder á modificación das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2016, facendo constar as novas retribucións.

Cuarto: Para a efectividade deste acordo requirese a aceptación expresa por parte da persoa que ocupa o cargo de Primeira Tenente de Alcade. Publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia.

Quinto: Estas retribucións son incompatibles con outras que sexan con cargo a os orzamentos das Administracións Públicas ou de entes, organismos ou empresas dependentes.

Sexto: Estas retribucións que se pactan , en cuanto ao seu importe bruto, sufrirán anualmente os incrementos retributivos que se fixen nas Leis de presupostos.”

10.- SOLICITUDE DE CESIÓN DE USO DE PARCELA DO MINISTERIO DE FOMENTO.

Acórdase por unanimidade :

“Rectificar o acordo do pleno municipal de Aranga do 28 de abril de 2015, e solicitar, ao Ministerio de Fomento, a través da Demarcación de estradas do Estado en Galicia, a cesión do uso da parcela coa referencia catastral 15003A034000020000WW, ubicada entre o trazado da nova Nacional VI e o antigo trazado, a efectos de destinalo a un uso social. Aranga, 22 de febreiro de 2016.O Alcalde: Asdo:Alberto Platas Álvarez.”

11.-APROBACIÓN DO III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE ARANGA 2015-2019.

Por unanimidade, acórdase:

“Aprobar o III Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Aranga 2015-2019, deseñado pola empresas Xeira consultora S.Coop.Galega, en base a un amplo proceso de participación social, impulsado polo concello, coa finalidade de mellorar a situación social, laboral e económica das mulleres promovendo a aplicación do principio de igualdade como garantía dunha sociedade igualitaria”.

12.- REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES

“Visto o Real Decreto 1079/2015, do 27 de novembro publicado no Boletín Oficial do Estado do 17/12/2015, pola que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión dos Padróns Municipais de habitantes, referidas a 01/01/2015.

De conformidade co previsto no artigo 81 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1690/1986 de 11 de xullo, en consonancia coa Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno Municipal acorda, por unanimidade:

Aprobar a revisión do padrón municipal de habitantes con referencia a 01/01/2015, formalizando todas as actuacións levadas a cabo no ano anterior, e que sinala como cifra de poboación oficial 1997 habitantes, con efectos dende o 31 de decembro de 2015.”

Todos os grupos políticos poñen de relevo este mal dato e a necesidade, por parte de todos, de traballar para remontar este descenso poboacional.

13.- ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN CO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.

Logo de ver a Resolución do 25 de xaneiro de 2016 pola que se aproba o Plan marco: Programa de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia (PDR) 2014-2020, destinado a inversións en camiños de titularidade municipal que faciliten o acceso, cando menos, a unha parcela integrante dunha explotación agraria.

O Pleno Municipal acorda por unanimidade:

“Primeiro: Aprobar a participación do concello de Aranga no Plan marco Programa de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

Segundo: Aprobar o proxecto técnico da obra denominada “Mellora da pavimentación nas parroquias de Cambás e Aranga” e solicitar a súa inclusión no Plan marco Programa de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cun orzamento total de 82.318,00, correspondéndolle un IVE de 17.286,78 € o que determina un orzamento total de 99.604,78 €.”

Fáise constar que no dito proxecto inclúense o remate da carretera de Reborica a Cambás, o acceso a unha explotación gandeira en Penelas e un tramo de Lousas a Ucheiras.

14.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO 2016.

Adóptase o seguinte acordo, coa abstención do grupo socialista:

“**Primeiro** : Aprobar inicialmente o Orzamento o Xeral Municipal para o exercicio de 2016, cuxa contía queda fixada, tanto en gastos coma en ingresos, nun total DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL TRESCENTOS VINTE E TRES CON SEIS CENTIMOS DE EURO (2.286.323,06 €) e asígnaselle a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>EUROS</u>
OPERACIÓNS NON FINANCIEIRAS		
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal.....	589.593,63
2	Gastos en bens ctes. e servizos.....	674.939,78
3	Gastos financeiros.....	0
4	Transferencias correntes.....	43.720,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos..	3.000,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Inversións reais.....	959.069,65
7	Transferencias de capital.....	16.000,00
OPERACIÓNS FINANCIEIRAS		
8	Activos financeiros.....	0

9 Pasivos financeiros.....	0
SUMA TOTAL DE GASTOS.....	2.286.323,06 €.-

ESTADO DE INGRESOS

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>EUROS</u>
OPERACIONES NON FINANCIERAS		
OPERACIONES CORRENTES		
1	Impostos directos.....	420.000,00
2	Impostos indirectos.....	9.000,00
3	Taxas e outros ingresos.....	170.765,00
4	Transferencias correntes.....	807.833,83
5	Ingresos patrimoniais.....	5.000,00
OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Enaxenación de inversións reais.....	0
7	Transferencias de capital.....	873.724,23
OPERACIONES FINANCIERAS		
8	Activos financeiros.....	0
9	Pasivos financeiros.....	0
SUMA TOTAL DE INGRESOS.....		2.286.323,06 €.-

Segundo : Aprobar, igualmente, as bases de execución do dito orzamento.

Terceiro : Aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo que o integran, reservados a funcionarios e persoal laboral que constitúen o cadro de persoal conforme ao anexo de persoal deste Orzamento.

Cuarto: Aprobar o límite do gasto non financeiro para o ano 2016

Quinto: Que se expoña ao público durante o prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ao que se perceptúa no artigo 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Sexto : Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o dito orzamento considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Tablón de Anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Texto refundido que se citou e, noutro caso, procederáse de acordo co que se prevé no número 1 deste último artigo.

Sétimo: Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo se remita unha copia do dito Presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.”

15.- ACORDO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO FOMENTO DA NATALIDADE.

Por sete votos a favor, coa abstención do grupo socialista, acórdase:

“Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do fomento da natalidade, concretamente os artigos 2,3 e 7 da dita ordenanza, do seguinte xeito:

- Artigo 2 : No apartado primeiro onde di “1.- Que o fillo e un dos pais biolóxicos...” Suprimir a referencia ao fillo.

- Artigo 3: onde pon “...ao mantemento da residencia no termo municipal durate o período mínimo de dous anos...”, poñeráse de cinco anos.

- Artigo 7 :no terceiro suposto, onde pon “durante o prazo de dous anos” debe poñer “durante o prazo de cinco anos”

Segundo: Abrir un período de información pública mediante a inserción dun Edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da casa consistorial, dando audiencia aos interesados para que no prazo de trinta días poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen pertinentes que serán resoltas polo Pleno Municipal.

Terceiro: No caso de non presentarse reclamacións nin alegacións, esta modificación da ordenanza municipal considerárase elevada a definitiva, sen máis trámite.”

16.- INFORME RELATIVO Á REDE NATURA.

O Alcalde, Alberto Platas Álvarez, informa aos membros do pleno municipal que realizou diferentes xestións en relación coa rede natura, que como consecuencia do informe medioambiental que consta no expediente e do que se facilita copia aos concelleiros, no Plan Xeral de Ordenación Municipal obrigouse ao concello a incluír na Rede Natura, a ampliación da mesma prevista pola Consellería. Nembargantes, a dita ampliación, posteriormente, non se aprobou polo que se fai necesario facer unha modificación puntual do plan Xeral, única solución apuntada pola Secretaría Xeral de Urbanismo, a efectos de eliminar esa ampliación da Rede Natura.

O concelleiro Alfonso Espiñeira logo de manifestar que o informe medioambiental podería haberse desvirtuado polo concello no seu momento, por canto recolle datos non correctos, ponse a disposición do concello para axudar a solventar este tema. Sandra Pena tamén manifesta a satisfacción do seu equipo.

Non se presenta ningunha moción e entrase no seguinte punto

17- ROGOS E PREGUNTAS.

Formúlanse dous rogos por Sandra Pena Barbeito: A celebración de máis Plenos, a efectos de evitar sesións tan densas e extensas como a de hoxe e facilitar a información dos concelleiros , e recorda que se vai con retraso no tema da convocatoria de subvencións para asociacións, que se ven prexudicadas á hora de xustificar a subvención en prazo.

Alfonso Espiñeira Espiñeira formula o rogo de que se lle publicidade suficiente ao tema da redución do espazo de rede natura, para que os veciños teñan pronta información.

